



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

Asunto: Acordo da Xunta Electoral de Galicia, do 12 de febreiro de 2024, polo que se resolven as denuncias da representante xeral do Bloque Nacionalista Galego e do representante xeral do Partido dos Socialistas de Galicia – PSOE contra o presidente da Xunta de Galicia, D. Alfonso Rueda Valenzuela, por unha posible infracción do artigo 50 da LOREX pola súa comparecencia ante os medios tras a reunión do consello da Xunta de Galicia do día 8 de febreiro de 2024.

A Xunta Electoral de Galicia, á vista dos seguintes

ANTECEDENTES

1.- O 9 de febreiro de 2024, as representacións xerais do Bloque Nacionalista Galego (BNG) e do Partido dos Socialistas de Galicia – PSOE (PSdG – PSOE) formulan sendas denuncias contra o presidente da Xunta de Galicia e candidato do Partido Popular, D. Alfonso Rueda Valenzuela polas declaracións emitidas tras a reunión do consello da Xunta de Galicia do día 8 de febreiro de 2024 (doc. RE 462/2024 e RE 468/2024, respectivamente).

A representante xeral do BNG, no seu escrito de denuncia (doc. RE 462/2024) manifesta o seguinte:

“O Presidente da Xunta e candidato do Partido Popular, está a utilizar as roldas de prensa posteriores á celebración do Consello da Xunta para facer unha serie de anuncios que vulneran o establecido no artigo 50 da LOREX, estes anuncios son posteriormente trasladados á paxina institucional da Xunta de Galiza.

Así, na páxina web da Xunta de Galiza, están publicándose numerosas novas, unha vez convocado o presente proceso electoral, que constitúen, unha vez máis, unha vulneración do artigo 50 da LOREX, concretamente vulnera o principio de neutralidade e obxectividade, trátase de anuncios de convocatorias de axudas ou accións que nalgúns casos aínda nin sequera teñen data de convocatoria ou inicio, polo que dificilmente entran dentro da categoría de anuncios que permite a Lei Electoral, que son aqueles que sexan imprescindibles para a salvagarda do interese público e non sexa posible postergar até despois do proceso electoral, polo que se nin tan sequera teñen data de convocatoria, desde logo o anuncio podería agradar xa que en caso contrario, trátase de anuncios de medidas a realizar se o Presidente e candidato do Partido Popular ás eleccións permanecese no cargo. Trátase de anuncios de proxectos futuros que poden entenderse sen esforzo como mensaxes que forman parte do programa electoral da formación política pola que se presenta. Devanditos mensaxes son lexítimos en actos de



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

campaña electoral do candidato pero non o son cando se difunden no marco de actos institucionais, pois supoñen unha quebra dos principios de neutralidade e igualdade entre os candidatos, polo que resultan contrarios ao disposto nos artigos 8 e 50.2 da LOREX.”

Pola súa banda, o representante xeral do PSdG-PSOE, entre outras alegacións, incide na súa denuncia (doc. RE 468/2024) en que:

“O día 8 febreiro o presidente da Xunta de Galicia, D. Alfonso Rueda Valenzuela, trala reunión do consello da Xunta, na súa comparecencia levou a cabo manifestacións relativas a logros alcanzados polo goberno actual así como manifestacións na súa consideración de candidato as eleccións”, citando de seguido manifestacións concretas do denunciado en diversos momentos da súa comparecencia, a saber: minuto 1:06; minuto 5:32; minuto 17:12; minuto 17:43; minuto 18:54; minuto 23:58; e minuto 25:06.

2.- O día 9 de febreiro de 2024, logo da reunión da Xunta Electoral de Galicia, trasladóuselle ao Partido Popular (RS 1201/2024) e á Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias (RS 1202/2024) copia da denuncia do BNG, aos efectos de formular alegacións. Deste traslado deuse coñecemento á representante xeral do BNG (RS 1203/2024).

3.- Tamén o día 9 de febreiro de 2024, logo da reunión da Xunta Electoral de Galicia, trasladóuselle ao Partido Popular (RS 1206/2024) e á Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias (RS 1207/2024) copia da denuncia do PSdG-PSOE, aos efectos de formular alegacións. Deste traslado deuse coñecemento ao representante xeral do PSdG-PSOE (RS 1208/2024).

4.- Cumprindo o trámite concedido, o 10 de febreiro de 2024, a Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias (RE 478/2024) e o Partido Popular (RE 481/2024), formularon alegacións á denuncia formulada polo BNG, nas que o PP alega que as actuacións denunciadas son *“alleas ao Partido Popular”* e, a asesoría xurídica da Xunta de Galicia, afirma que os concretos feitos denunciados, non poden entenderse como alardes ou campaña de logros, afirmando que:

“dado que estamos ante a mera difusión de información de interese xeral o público sobre os acordos adoptados polo Consello de goberno, respecto da que a denuncia non acredita un específico contido electoralista.

Por último, e en todo caso, para que se poida ponderar a boa fe desta administración e acatamento das decisións desa Xunta Electoral de Galicia, queremos destacar que a consecuencia do seu Acordo do 24 de xaneiro de 2024 (rexistro de saída 708/2024), no que se estimou unha denuncia do PSdeG-PSOE por apreciar contido electoralista en



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

determinadas respostas do presidente a preguntas dos periodistas na rolda de prensa posterior ao Consello da Xunta de Galicia, xa esta administración ten tomado medidas para procurar garantir o cumprimento dos criterios da XEG nestas roldas de prensa e velar pola neutralidade institucional. Así, cambiouse o seu formato, para evitar, como sucedeu nese caso, que as respostas a preguntas xerais ou de valoración política efectuadas polos medios acreditados puidese crear situacións conflitivas indesexables desde a perspectiva da lexislación electoral.”

5.- Do mesmo xeito, e cumprindo asemade o trámite concedido dentro do prazo outorgado, o 10 de febreiro de 2024, a Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias (RE 479/2024) e o Partido Popular (RE 482/2024), formularon alegacións á denuncia formulada polo PSdG-PSOE. O Partido Popular alegou novamente a falta de imputabilidade da actuación denunciada, mentres que a asesoría xurídica da Xunta de Galicia alega que:

“Os textos comentados, aínda contemplados de maneira illada como fai o denunciante, non poden entenderse como alardes ou campaña de logros, se non que representan información obxectiva sobre o alcance das actuacións do goberno. As declaracións, como temos examinado, prodúcense nun ton institucional e comedido, e a información subministrada non chega nunca a deslizarse á hipérbole, nin exaxera, polo tanto, cantidades, calidades, características, ou procedementos do goberno ou dos seus membros, como sucede no caso da propaganda política.

Non pode chegarse a un celo tal que se impoña un estilo simplemente telegráfico nas declaración que fai un presidente de goberno, nin utilizar na súa análise un subxectivismo suspicaz que vexa propaganda de realizacións e logros por todas partes.

Por último, e en todo caso, para que se poida ponderar a boa fe desta administración e acatamento das decisións desa Xunta Electoral de Galicia, queremos destacar que a consecuencia do seu Acordo do 24 de xaneiro de 2024 (rexistro de saída 708/2024), no que se estimou unha denuncia do PSdeG-PSOE por apreciar contido electoralista en determinadas respostas do presidente a preguntas dos periodistas na rolda de prensa posterior ao Consello da Xunta de Galicia, xa esta administración ten tomado medidas para procurar garantir o cumprimento dos criterios da XEG nestas roldas de prensa e velar pola neutralidade institucional. Así, cambiouse o seu formato, para evitar, como sucedeu nese caso, que as respostas a preguntas xerais ou de valoración política efectuadas polos medios acreditados puidese crear situacións conflitivas indesexables desde a perspectiva da lexislación electoral.”

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Examinadas ambas as dúas denuncias referidas, acórdase a súa acumulación, derivada da previsión do artigo 57 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), aplicable supletoriamente conforme ao disposto no artigo 120 da LOREX, que permite cun órgano administrativo poida dispoñer a acumulación de asuntos que garden identidade substancial ou íntima conexión, sempre que sexa o mesmo órgano quen deba tramitar e resolver o procedemento.

Polo que, en aplicación do precitado precepto, procede acumular os procedementos anteriormente reseñados de actuacións previas, na medida en que se refiren as manifestacións (rolda de prensa) e anuncios efectuados (paxina web) e recollidos con posterioridade á reunión do consello da Xunta polo presidente, o Sr. Rueda Valenzuela, e que gardan íntima conexión entre eles, de maneira que a decisión que se adopte en un de eles pode ter incidencia directa no outro.

O obxecto da denuncia do BNG o constitúen anuncios que se conteñen na paxina web da Xunta de Galicia feitos polo presidente da Xunta despois da celebración do consello da Xunta, en concreto se denuncian cinco anuncios sobre catro medidas diferentes;

- convocatoria de axudas para facilitar á xente moza o acceso a un fogar, e o “aval mozo” que lles facilita o acceso a una hipoteca;
- convocatoria de axudas para vivendas situadas en zonas de sombra para o cambio da TDT;
- convocatoria de axudas para proxectos de enerxías renovables;
- E, por último, anuncio do Plan galego de atención domiciliaria en atención primaria.

O obxecto da denuncia do PSdG - PSOE son as declaracións efectuadas polo presidente da Xunta na rolda de prensa posterior ao consello do día 8 de febreiro relativas as seguintes medidas que asociamos a continuación para a súa acumulación:

- Convocatorias de axudas para proxectos de enerxías renovables, declaración denunciada minuto 1:06:

”Xa somos un referente na xeración de enerxías renovables e queremos seguir potenciando a súa utilización, esto ten evidentes beneficios dende o punto de vista medioambiental, loita contra o cambio climático, pero tamén aforros importantes nas facturas de enerxía, por tanto, o obxectivo e dobre, impulsar aforros, calculamos 625 euros por fogar ...as convocatorias de axudas, poderán empezar a solicitarse en canto se faga a convocatoria a finais deste mes previsiblemente.”



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

- Convocatorias de axudas para vivendas situadas en zonas de sombra para o cambio TDT, declaración denunciada minuto 5:32:

“Non lle correspondería a Xunta de Galicia, pero ante a inactividade e falta de axudas de que toma a decisión e marca os prazos, creemos que si falamos de equilibrio e de servizos básicos no rural as administracións deben implicarse, a Xunta de Galicia faíno, e por tanto acordamos estas axudas que ademais terán efecto retroactivo...”

- Programa de xuventude mentoring (minuto 17.12):

“foi un programa de moito éxito, xa digo, esta quinta edición e as catro anteriores acolleu a 600 mozos e mozas, e o nivel de inserción laboral despois deste programa foi moi alto, estamos falando do 82 % conseguiron unha inserción laboral.”

- Informe sobre a dependencia, correspondente ao minuto 17.43 e 18.54:

“se incrementou o número de dependentes atendidos máis de 12000 novos dependentes nos últimos catro anos, a ratio de atención dos dependentes que teñen este recoñecemento é a terceira máis alta entre todas as comunidades autónomas....e algo moi importante, nestes últimos catro anos reduciuse de forma significativa a lista de espera...se crearon novos recursos de atención, de aí veñen estas estatísticas, as casas do maior, que non existían hai uns anos, un novo modelo de coidados, a dixitalización das residencias que dependen da Xunta de Galicia, novas prestacións, o bono coidado no fogar, que arrincou no mes de xaneiro, ou ese complemento de 1.900 €, o bono residencia, para esas persoas que optan por residencia,...” e “da pé para seguir reclamando, o que por outra parte esta na lei de dependencia, que é un financiamento 50 50, agora mesmo todos estes custos económicos derivados de todo o que acabo de reflexar son asumidos nun 70% pola comunidade autónoma, pola xunta de Galicia...”.

- Minuto 23:58 non contextualizado en ningunha das medidas denunciadas pero no que se declara: *“foi unha axuda que se convocou o ano pasado con éxito moi salientábel”.*
- Minuto 25.06, referido as axudas á vivenda, en concreto: *“... Son medidas para seguir apoiando.... que necesitan es apoio suplementario para facer posible algo*



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

tan importante como dispoñer dunha vivenda propia, un lugar donde vivir e facer un proxecto de vida..."

Segundo.-En relación coa primeira das denuncias acumuladas procede examinar a pretensión denunciada polo BNG e as alegacións presentadas pola Xunta de Galicia e este respecto, ambas á luz do artigo 50 da LOREX e da Instrución da XEC 2/2011, que no que aquí interesa dispón: *"calquera acto organizado ou financiado, directa ou indirectamente, polo poderes públicos que conteña alusións ás realizacións ou aos logros obtidos"*, xunto coa abundosa doutrina da XEC a este respecto:

«(...) Resulta legítimo dar cuenta en una rueda de prensa de los acuerdos adoptados por el Consejo de Gobierno y posteriormente incorporar esa referencia a la web institucional en período electoral, pero no puede utilizarse ese acto para realizar afirmaciones que puedan entenderse como logros o realizaciones del citado consejo por resultar contrario a lo dispuesto en el artículo 50.2 de la LOREG.» (Acordo do 22 de abril de 2015 e doutrina mantida noutro como os acordos do 6 de maio de 2015 e de 17 de xuño de 1017).

Esta doutrina reitérase no recente acordo 575/2023, do 5 de outubro (fundamento xurídico primeiro):

«La interpretación del art. 50.2 de la LOREG debe efectuarse a la luz de diferentes preceptos constitucionales; en este caso, resultan singularmente claros los que se contienen en los art. 23.2 y 103.1 de la Constitución, en la medida en que imponen, respectivamente, el principio de igualdad en el ejercicio del derecho de sufragio pasivo (art. 23.2) y el principio de neutralidad de los poderes públicos (art. 103.1); en relación con esto último, conviene tener presente que la jurisprudencia del Tribunal Supremo (Sala Tercera) ha declarado reiteradamente que la neutralidad de los poderes públicos constituye uno de los instrumentos legalmente establecidos para hacer efectiva la igualdad que ha de ser observada en el sufragio, siendo además una de las específicas proyecciones que tiene el genérico mandato de objetividad que el artículo 103.1 de la Constitución proclama para la actuación de toda Administración Pública (por todas, cabe citar SSTs 721/2021, de 24 de mayo; 743/2021, de 26 de mayo; 113/2023, de 31 de enero o 132/2023, de 2 de febrero). Y es que, en último término, la utilización de medios públicos institucionales vulnerando el principio de neutralidad comporta, a su vez, la quiebra del principio de igualdad al que también se refiere el art. 8.1 de la LOREG.

En suma, las manifestaciones de referencia, al ser efectuadas en el curso de un acto institucional, constituyen una vulneración del principio de neutralidad que dimana del art. 50.2 de la LOREG, de conformidad con la interpretación que del mismo se ha venido haciendo en abundante Jurisprudencia del Tribunal Supremo, en aplicación de los artículos 23.2 y 103.1 de la Constitución. Por consiguiente, no puede prosperar la



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

alegación de que la Junta Electoral Central efectúa una interpretación “extensiva” u “omnicomprensiva” del constantemente citado art. 50.2 de la LOREG, por cuanto la Junta Electoral Central se limita a interpretar y aplicar dicho precepto ciñéndose estrictamente a la Jurisprudencia del Tribunal Supremo. Asimismo, la falta de intencionalidad y la voluntad de no interferir en el proceso electoral se contradice con el contenido de las declaraciones de referencia que, aunque fuesen efectuadas espontáneamente en respuesta a los periodistas, no parecen guardar relación con lo resuelto en el Consejo Europeo, ni con las funciones del Presidente de dicho Consejo que iba a ejercer el interesado, en su condición de Presidente del Gobierno, con arreglo al sistema de turnos rotatorios establecido en la normativa comunitaria.

En relación con lo anterior, cabe destacar, a los efectos que aquí interesan, la mencionada STS 132/2023, de 2 de febrero (FD 9º), en la que se señala que: "Al respecto es jurisprudencia que la neutralidad de las instituciones y poderes públicos es un principio básico (artículo 103.1 de la Constitución) que se acentúa con la exigencia de la neutralidad política en período electoral en los espacios públicos. Esta exigencia limita la libertad de expresión de los candidatos en actos a los que concurren, no como tales, sino en el ejercicio del cargo y viene impuesta por el principio de igualdad de los contendientes en el proceso electoral: se trata de evitar prevalecerse del cargo al incurrir en lo que se denomina "campana de logros", esto es, actos de reclamo electoral a base de exponer los logros de la gestión realizada y que el candidato ensalza no como tal, sino como titular del cargo público que se ostenta y en actos en los que interviene con tal condición".»

Do anterior, esta xunta electoral entende que nas alegacións formuladas non queda acreditado que a información que recolle a paxina web sobre os anuncios relativos á convocatoria de axudas para á xente moza, axudas para vivendas en zona de sombra para cambio da TDT e as axudas para proxectos de enerxías renovables fose necesaria, por atoparse os prazos das súas convocatorias abertos, ou ben que se tratase da execución dunha fase do procedemento administrativo que estivese iniciado antes da convocatoria de eleccións, ou se tratase de axudas con convocatorias periódicas. Tampouco se acredita que a suspensión das convocatorias anunciadas ata que finalice o proceso electoral ocasione algún prexuízo as persoas as que van destinadas, polo que, debe entenderse que os anuncios publicados teñen unha evidente connotación electoralista ou versan sobre proxectos futuros, polo que, ningunha das publicacións enumeradas pode considerarse necesaria para a salvagarda do interese público e o correcto desenvolvemento dos servizos públicos, polo que desborda a actuación dos poderes públicos permitida en período electoral.

Considerando, non obstante, que no anuncio relativo á aprobación do plan galego de atención domiciliaria en atención primaria, concorre unha circunstancia excepcional consistente en dar cumprimento a un acordo do Parlamento de Galicia,



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

polo que esta xunta considera que neste anuncio non existe infracción electoral ao carecer de contido electoralista.

Terceiro.-En relación coa segunda das denuncias que se concreta nas declaracións que efectúa o presidente da Xunta, o Sr. Rueda Valenzuela, na rolda de prensa posterior ao consello da Xunta do 8 de febreiro, tales como *“somos un referente na xeración de enerxías renovables, con beneficios, medioambientais... aforros importantes”*; *“ante a inactividade e falta de axudas de quen toma a decisión”* (en clara alusión ao goberno do Estado); *“programa de moito éxito que acolleu a 600 mozos e mozas cun nivel alto de inserción laboral do 82%,”*; *“en Galicia o numero de dependentes se incrementou en mais de 12000, a ratio de atención é a terceira mais alta, redución significativa da lista de espera”*; *“novos recursos novas prestacións , bono coidado no fogar, bono residencias, 1900”* *“o 70% dos custos da lei de dependencia son asumidos pola comunidade autónoma”*; *“axuda con un éxito moi salientable”*, tras un exame detido do conxunto das declaracións denunciadas e das alegacións do secretario xeral da asesoría xurídica xeral nas que xustifica que as mesmas se fan en termos institucionais e comedidos, cabe concluír que as declaracións relativas aos minutos 1:06, 5:32, 17:12, 17:43, 18:54 e 23:58 son declaracións cun fin publicitario eloxioso e electoralista e favorable para un dos partidos concorrentes as eleccións e que encabeza o presidente da Xunta de Galicia, polo que se produce a quebra do principio de igualdade, á par que se quebranta o principio de neutralidade que debe respectar os poderes públicos durante todo o período electoral.

E debe significarse que as manifestacións denunciadas nin foron efectuadas en resposta a preguntas dos periodistas, polo que carecen de espontaneidade, nin quedou demostrado que todas garden relación directa cos acordos adoptados no consello da xunta de ese día.

Especial mención merece a declaración efectuada no minuto 25:06, por entender esta xunta electoral que carecen do contido publicitario das restantes declaracións e na mesma non se aprecia infracción electoral por tratarse do obxectivo ultimo das axudas, sen exaltación nin eloxio algún.

De conformidade con canto antecede

ACORDA

Primeiro. Estimar as denuncias formuladas polo BNG e PSdG-PSOE, e declarar que o presidente da Xunta de Galicia, D. Alfonso Rueda Valenzuela, incorreu na prohibición



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

establecida no apartado 2 do artigo 50 da LOREX, por non ter respectado o principio de neutralidade política polos anuncios enumerados e declaración efectuadas no corpo deste escrito.

Segundo. Ordenar a retirada da páxina web da Xunta de Galicia dos anuncios referidos a; axudas para facilitar á xente moza o acceso a un fogar, “aval mozo”, convocatoria de axudas para vivendas situadas en zonas de sombra para o cambio da TDT e a convocatoria de axudas para proxectos de enerxías renovables.

Terceiro. Determinar a incoación de expediente sancionador contra o presidente da Xunta de Galicia, D. Alfonso Rueda Valenzuela unha vez ponderadas as circunstancias concorrentes (*i.e.* non se trata dunha convocatoria illada, senón dun numero importante de anuncios e convocatorias publicitadas na rolda de prensa posterior a o consello da Xunta; a existencia de conductas similares (Ac XEG do 24 de xaneiro e 9 de febreiro de 2024), e que á data de hoxe continúan as convocatorias das axudas denunciadas publicadas na paxina web da Xunta de Galicia).

En execución do presente acordo, e para o cumprimento do disposto no art. 21.2 LOREX, desenvolvido pola Instrución da Xunta Electoral Central 11/2007, do 27 de setembro, comunícolle que contra el poderá interpoñer recurso de alzada ante a Xunta Electoral Central, que deberá presentarse ante esta Xunta Electoral de Galicia, para o seu informe, antes das 17:30 horas do próximo día 14 de febreiro de 2024.

O recurso poderá presentarse por correo electrónico no seguinte enderezo:
xunta.electoral.galicia@parlamentodegalicia.gal